

A CATEDRAL DE JACA

A catedral de Jaca é un dos monumentos medievais máis importantes de Aragón e do Camiño de Santiago.

O Camiño de Santiago era unha gran aventura movida pola fe. Sen prendas térmicas e de gore-tex, zapatillas con cámara de aire, trombocid...chegar á tumba do Apóstolo supoñía na Idade Media todo un exercicio espiritual e físico. Este Camiño era a gran vía de comunicación da época, punto de encontro de persoas diversas pero cun obxectivo común...

Os peregrinos, que entraban polo porto de Somport, se encontraban en Jaca cunha catedral románica de gran beleza na que destacaba seu tímpano cun crismón trinitario moitas veces imitado con posterioridade. De seguro que lles daba ánimo para continuar a súa viaxe... porque é un símbolo de que Cristo vence ao mal e acolle ao ser humano...



Crismón do tímpano da catedral de Jaca, finais do S. XI. Dos leóns o custodian, e baixo as súas patas un home e un cordeiro son ameazados por serpes. Cada sector circular contén unha rosa de dez pétalos, e no círculo leva esculpida a seguinte lenda: "LECTOR, NESTA ESCULTURA PROCURA RECOÑECER O SEGUINTE: A "P" É O PAI , A "S" ... ti atopaches algunha letra ou pista máis? Por que cres que se chama trinitario?"

A arte románica, en especial a escultura, cóntanos moitas cousas cunha expresividade e sinxeleza que aínda hoxe nos comunica esperanza, crenzas, vida, inqedanzas... de persoas afastadas de nós no tempo pero próximas nos seus sentimentos.



Jaca foi nomeada capital do Reino de Aragón no ano 1077, durante o reinado de Sancho Ramírez. Na cidade estabeleceu-se o bispado e se construiu a catedral, onde estaba a “cátedra” ou sé do bispo. Durante a Idade Media a catedral e seus arredores eran o centro da vida da cidade, onde, polo xeral, había unha praza onde os mercaderes vendían os seus produtos.

En todas as catedrais o ábside central está orientado cara ao leste, por onde sae o sol. No atrio da portada occidental da Catedral de Jaca están representados a ámbolos dous lados os oito apóstolos, sacados dun antigo retablo.

Sabes atopar o axedrezado jaqués que decora gran parte do exterior? Que serviu de inspiración a outras moitas catedrais.

Na portada sur da catedral destacan as columnas con capiteis historiados. No interior se mesturan estilos de diferentes épocas: románico, gótico, renacentista, barroco...a súa cúpula e das máis antigas do románico en España.

A catedral está adicada a San Pedro, primeiro papa da Igrexa, pero tamén ten outras capelas adicadas a outros santos.

A Catedral de Jaca é realmente fermosa e animamos a tod@s que sigades as pistas... Cando lemos as pedras e interpretamos as súas claves descubrimos unha linguaxe universal que nos fala de encontro, superación, sufrimento, interrogantes, metas...**HISTORIAS...**

NA IDADE MEDIA TODOS OS CAMIÑOS CONDUCÍAN A...SANTIAGO!

A VÍA LÁCTEA é a nosa galaxia. É unha galaxia típica de forma espiral e de cen mil anos luz de diámetro. Nos estamos situados nun dos seus brazos, na periferia galáctica. Isto fai que dende a terra esta sexa unha vista espectacular.



Debido a isto , sempre tivo un papel predominante en todas as culturas e mitoloxías. Os exipcios crían que era a continuación do Nilo no ceo. Para os escandinavos era o camiño ao Wahala. Os indios norteamericanos chamábanlle o espiñazo do ceo ou pagamento que o mantiña unido. Mais a lenda a que lle debe o seu nome é a grega, que afirmaba que eran os restos da leite derramada por Hera ao amamentar a Heracles.



ERA POSIBLE CHEGAR A TUMBA DO APÓSTOLO ORIENTÁNDOSE POLO CEO?

Ao ser contemplada dende a Terra, a Vía Láctea aparece como unha mancha borrosa blanquecina que atravesa o ceo de parte a parte. E como todas as estrelas, carece dunha posición fixa no firmamento. Nos meses de verán, as horas de madrugada as que comezaban a andar os peregrinos, semellaba cruzar o ceo de este a oeste. Coincidindo o camiño do sol e o de Santiago. Isto permitía os peregrinos sen elementos para orientarse, seguir a dirección da Vía Láctea rumbo a tumba do apóstolo, que, como di a lenda, fora descuberta debaixo dunhas estrelas...



Desgraciadamente, a magnífica visión da Vía Láctea, é imposible dentro das cidades, mesmo das máis pequenas, como Jaca. A contaminación lumínica non nos permite gozar das estrelas.

ORIENTACIÓN COAS ESTRELAS... pese a recomendación baseada na fe cristián de empregar a Vía Láctea como medio de orientación. A única forma sinxela e efectiva de orientarse coas estrelas, é mediante o emprego da estrela polar.

Debido a posición da Terra e das estrelas, dáse a casualidade de que na constelación da Osa Menor temos a Estrela Polar que apunta ao norte e permanece estática ao longo das horas, dos meses, dos anos e dos séculos... Este sistema foi moi empregado na navegación, o carecer de puntos de referencia en alta mar. Seguiu a ser empregado aínda despois da invención e propagación do compás, pois por culpa do campo magnético terrestre, esta pódese desviar ata 50º ao oeste. Cabe destacar tamén que a estrela polar só é visible dende o hemisferio norte, mentres que no sur, ao coincidir o polo sur celeste cunha estrela de 5ª magnitude, é moito máis difícil orientase mediante as estrelas.

A LENDA DOS PIRINEOS

Os gregos supoñían que o ceo estaba poboado de innumerables deuses que se disputaban uns aos outros a posesión da terra.

Pirene, filla de Atlante adoraba ao seu pai e xurou que nunca se consentiría amar a un rival do seu pai: Hércules. Non contaba con que Hércules xamais renunciaría ao seu amor, percorrería o universo na súa procura ata facela súa. Ao chegar a noticia a oídos da fermosa Pirene, temerosa e chea de despeito, arrasou todos os montes queimándose ela tamén dentro. Aceptando morrer antes que caer nos brazos do poderoso e caprichoso Hércules. Cando de lonxe Hércules veu a terrible fumareda, se dirixiu a toda presa aos montes de Hesperia. Pero, non atopou a deusa dos seus amores con vida. Ela burlara ao fillo de Zeus, nunca se sometería nin ela nin a súa montaña a ninguén. Hércules desolado chorou de rabia e dor, con infinito agarimo enterrou a Pirene e lle preparou un colosal mausoleo. Mandou chamar aos titanes e coas súas propias mans amontoaron rocas e mais rocas ata formar unha inmensa cordillera que para sempre se chamaría Pirineos.

Esta lenda forxada no fogo, na paixón, a liberdade, a forza, na fantasía, e no amor di que os inmensos ibóns azules que salpican as montañas son as lágrimas de Pirene que aínda hoxe podemos contemplar.

Tamén se di que a destrución da Atlántida se debeu a rabia de Hércules por este amor contrariado e non correspondido...



PIRENE NOS BRAZOS DE HÉRCULES...

É por esta lenda que pir significa fogo?